

ANUNCIO Pág. 12615 Reg. 11818-x.

*Normativa*

## **Regulamento do Rexistro municipal de unións civís de parellas de feito do Concello de Teo**

### **Exposición de motivos:**

Considerando a inquietude social que xurdiu ultimamente con respecto de que as parellas de feito vexan garantido o seu dereito á non discriminación social en base ao que establece o artigo 14 da Constitución.

Considerando que o libre desenvolvemento da personalidade e a igualdade ante a lei, que constitúen principios fundamentais do ordenamento xurídico e social, demandan de tódolos poderes públicos a promoción de condicións para que esta liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, debendo elimina-los obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

Considerando que calquera home ou muller, no libre e lexítimo exercicio da súa autonomía persoal, ten dereito a constituír por medio dunha unión efectiva estable unha comunidade de vida que, completada ou non con fillos, dea lugar á creación dunha familia, a protección social, económica e xurídica da cal deberá ser garantida polos poderes públicos.

Considerando que o matrimonio é o xeito institucionalizado no que historicamente se ten manifestado esta unión efectiva de xeito moi plural e que existen moitas parellas que se atopan, ou se ven na obriga, para establece-la súa comunidade permanente de vida, é dicir, para crea-la súa unidade familiar, a estar á marxe do matrimonio, sen que por isto teñan que estimarse de peor calidade humana ou social as súas relacións persoais ou de menor entidade xurídica as súas obrigas paternofiliais.

Considerando que estas parellas que constitúen unións non matrimoniais deberían aproveitar da mesma protección social, económica e xurídica que as unións matrimoniais e as familias por elas orixinadas, para garanti-lo respecto e a promoción dos devanditos principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e de igualdade entre os cidadáns.

Considerando que na evolución actual da sociedade, a convivencia preséntase como unha realidade que non pode dar lugar nin á desigualdade, nin atentar contra a dignidade da persoa, esta protección constitucional estenderase, polos mesmos fundamentos, ás unións estables e afectivas constituídas por parellas, fundamentalmente homosexuais, unha vez superadas as obxeccións morais que as teñen estado a marxinar, e incluso a criminalizar, e manténdoa absolutamente ignoradas no ordenamento xurídico.

Considerando que o Parlamento Europeo recomendou a fin das discriminacións por mor da orientación sexual e a equiparación de dereitos das parellas homosexuais ao matrimonio.

Considerando que a existencia constitucional de igualdade e liberdade está dirixida a tódolos poderes públicos e por iso, en tanto non se promulguen as disposicións legais pertinentes, e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial axeitada á realidade social dos nosos tempos, semella procedente ofrecer, incluso no reducido ámbito da administración local, un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garanta a protección social, económica e xurídica das familias constituídas por medio de unións non matrimoniais, con independencia da orientación sexual.

Por isto, coa finalidade de que poida quedar constancia no ámbito da administración municipal, tanto para os efectos de inscrición no padrón municipal de habitantes coma no resto de asuntos ou servicios a cargo do Concello, sen prexuízo doutras finalidades que se puidesen considerar lexítimas e sen que en ningún caso isto poida representar alteración ou intromisión nas competencias que poidan corresponder a outros organismos, como é o recoñecemento doutros xeitos de proba de existencia de parella como as actas notariais de convivencia, apróbase o regulamento seguinte:

### **Artigo 1.º**

Créase no Concello de Teo un Rexistro municipal de unións civís, de carácter administrativo, onde se poidan inscribir, de xeito totalmente voluntario, as parellas que convivan sen estaren casadas, con independencia da súa orientación sexual.

### **Artigo 2.º**

Inscribiranse as declaracións de unións non matrimoniais entre parellas, con independencia da orientación sexual, solicitadas en instancia subscrita polos dous membros da unión e trala declaración formal respecto da existencia da unión realizada en comparecencia persoal e conxunta perante a Secretaría Xeral do Concello.

A solicitude e a declaración formalizaranse en modelos normalizados que figuran como anexo ao presente regulamento.

### **Artigo 3.º**

Establécense como requisitos mínimos para a inscrición no Rexistro:

- Ser maiores de idade ou menores emancipados, acreditándose coa fotocopia do documento nacional de identidade ou documentos acreditativos da emancipación, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código civil.

- Non ter sido declarados incapacitados ou estar incurso nas prohibicións recollidas nos artigos 46 e 47 do Código civil, achegando declaración responsable para tal efecto.

- Estar empadroados no Concello de Teo. Para tal efecto, formulada a solicitude de inscrición polo/a funcionario/a responsable do padrón municipal, expedirase informe ao respecto.

- Presentación de certificado do estado civil das persoas interesadas e máis unha declaración de cada un dos membros da parella de non figurar como membros doutras unións de feito non canceladas.

- Tamén poderanse inscribir, mediante transcripción literal, os contratos reguladores das relacións persoais ou patrimoniais entre os membros destas unións.

- Asemade, e dentro da legalidade, poderanse inscribir outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

#### **Artigo 4.º**

A vixencia da inscrición no Rexistro municipal de unións civís, será de cinco anos.

A inscrición poderá renovarse, polo mesmo prazo, se as partes o formalizan, antes da finalización da vixencia da inscrición inicial, en solicitude de renovación asinada conxuntamente polas partes e tras efectuar declaración perante a Secretaría Xeral do Concello de que se manteñen as mesmas circunstancias que concorrían no momento da inscrición primeira.

Para tal efecto inclúese como anexo ao presente regulamento modelos normalizados de solicitude de renovación e da declaración conseguinte.

Transcorrido o prazo de cinco anos sen efectuarse solicitude de renovación, a inscrición no Rexistro quedará automaticamente cancelada.

#### **Artigo 5.º**

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ao convenio e feitos ou circunstancias, deberase efectuar mediante comparecencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

#### **Artigo 6.º**

A extinción da unión civil poderá ser polos motivos seguintes:

- Transcorrido o prazo de cinco anos de vixencia sen renovación por ámbalas dúas partes.

- A instancia dun só dos seus membros, sendo necesario para a disolución efectiva demostrar que o feito está en coñecemento das dúas partes, ou exclusivamente da parte que propón a disolución de estar demostrado o abandono efectivo da convivencia coa parella, a través de documentos que así o acrediten (baixa no padrón de habitantes, cambio de enderezo ou acta notarial).

#### **Artigo 7.º**

O Rexistro de unións civís do Concello de Teo estará ao cargo da Secretaría Xeral do Concello e coa fin de garanti-la intimidade persoal e familiar dos inscritos no Rexistro non se lle dará publicidade ningunha ao contido dos asentos, agás as certificacións que expida a Secretaría Xeral do Concello a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión de feito interesados ou dos xuíces e tribunais de xustiza.

#### **Artigo 8.º**

O Rexistro materializarase nun libro xeral, no que se practicarán as inscricións das unións civís do Concello de Teo. Este libro estará formado por follas móbiles, foliadas e seladas e encabazarase e terminará coas correspondentes dilixencias de apertura e peche.

### **Artigo 9.º**

A primeira inscrición de cada parella terá o carácter de inscrición básica e á marxe desta anotarase todo outro asento que se produza con posterioridade no libro xeral principal relativo a cada unión.

### **Artigo 10.º**

O Rexistro terá tamén un libro auxiliar ordenado por apelidos dos inscritos ou inscritas no que se expresará o número das páxinas do libro xeral nas que existan anotacións que lles afecten.

### **Artigo 11.º**

As inscricións serán gratuítas así como as modificacións, renovacións ou as baixas.

### **Disposición adicional 1.ª**

O Regulamento do Rexistro municipal de unións civís do Concello de Teo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

### **Disposición transitoria**

En tanto se aprobe a Lei galega que regule as parellas de feito, o Rexistro resolverá sobre as cuestións que se susciten atendendo o disposto no presente regulamento.

### **Anexos:**

#### **Modelo de solicitude de inscrición no Rexistro de unións civís do Concello de Teo:**

Dona/don: .....

DNI número: .....

Dona/don: .....

DNI número: .....

Empadroados no Concello de Teo, na praza/avenida: ..., e teléfono: ...

### **Expoñen:**

Que reúnen os requisitos esixidos no artigo 3.º do Regulamento do Rexistro de unións de feito do Concello de Teo, aprobado por acordo plenario, de data 31.10.2003, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número ..., de data ..., acreditados coa documentación seguinte e que se achega:

- Fotocopia dilixenciada de autenticidade do DNI.

- Declaración responsable respecto de cumprir-los requisitos esixidos no artigo 3.º do devandito regulamento.

Solicitan, libre e voluntariamente:

- Primeiro: a inscrición no devandito Rexistro como parella de feito.

- Segundo: a constancia no Rexistro dos convenios, feitos e circunstancias que se especifican en folla que se achega a esta solicitude.

Teo a ..., de ... de ...

Asinado: ..... Asinado: .....

Señor/señora alcalde/sa-presidente/a do Concello de Teo.

### **Modelo de declaración responsable**

Dona/don: ....., e dona/don: .....

Para os efectos establecidos no artigo 3.º do Regulamento do Rexistro de unións de feito do Concello de Teo, realizan a seguinte

Declaración responsable:

- Primeiro.-Que son maiores de idade.

- Segundo.-Que non foron declarados incapacitados por sentenza xudicial firme.

- Terceiro.-Que o seu estado civil actual é:

Dona/don: .....

Dona/don: .....

- Cuarto.-Que actualmente forman unha unidade de convivencia non matrimonial estable, no domicilio citado na instancia.

- Quinto.-Que coñecen o articulado do regulamento e que se comprometen a comparecer persoal e conxuntamente no suposto de modificación posterior dos datos inscritos en canto a convenios, feitos ou circunstancias, manifestados na solicitude inicial.

Teo, ... de ... de ...

Asinado: ... Asinado: ...

### **Modelo de folla de inscrición no Rexistro**

(Selo da entidade) (sinatura do/a secretario/a) (folio número)

Inscrición número:

Data de solicitude de inscrición:

Número de rexistro de entrada:

Enderezo:

Sendo as ... horas do día ... de ... de ..., comparecen perante de min, don/dona ..., secretario/a xeral do Concello de Teo as persoas que de seguido se relacionan:

Dona/don: ...

Dona/don: ...

Ao obxecto da comparecencia para manifestar:

- Primeiro.-Que son certos tódolos datos consignados na solicitude formulada para a inscrición no Rexistro municipal de unións de feito, así como na declaración e demais documentación presentada con esta.

- Segundo.-Que no día de hoxe forman unha unidade de convivencia estable no enderezo no que aparecen empadroados.

- Terceiro.-Que solicitan quede constancia, mediante transcripción literal, dos seguintes convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión de feito ...: ...

- Cuarto.-Que solicitan quede constancia dos feitos seguintes e circunstancias relevantes que afectan á unión non matrimonial ...

Logo da lectura íntegra de todo o exposto, os comparecentes ratifícanse no manifestado e, en proba de conformidade, asinan ante min, secretario/a, que dou fe, o presente documento en Teo, a ... de ...de ...

Os interesados,

O/a secretario/a,

### **Modelo de solicitude de renovación da inscrición no Rexistro de unións de feito do Concello de Teo**

Dona/don: ...

DNI número: ...

Dona/don: ...

DNI número: ...

E con enderezo na praza/avenida ..... , Teo.

Expoñen:

- Primeiro.-Que con data ..., formalizouse a súa inscrición no Rexistro municipal de parellas de feito de Teo.

- Segundo.-Que estando próximo o vencemento do prazo de vixencia da devandita inscrición e manténdose as circunstancias que motivaron esta, que se acredita coa "declaración responsable" que se achega,

Solicitan:

A renovación da inscrición no Rexistro municipal de parellas de feito.

Teo a ... de ... de ...

Señor/señora alcalde/sa-presidente/a do Concello de Teo.

**Modelo de folla de inscrición no Rexistro (continuidade)**

(Selo da entidade) (sinatura do/a secretario/a) (folio número)

Inscrición número :

Data de solicitude de inscrición:

Número de rexistro de entrada:

Enderezo:

Sendo as ... horas do día ... de ... de ..., comparecen perante min, don/dona ..., secretario/a xeral do Concello de Teo, as persoas que de seguido se relacionan:

Dona/don: ...

Dona/don: ...

O obxecto da comparecencia é para manifestar:

- Primeiro.-Que son certos tódolos datos consignados na solicitude de renovación da inscrición no Rexistro municipal de unións de feito, así como na declaración e demais documentación presentada con esta.

- Segundo.-Que no día de hoxe seguen a formar unha unidade de convivencia estable no enderezo no que aparecen empadroados.

Logo da lectura íntegra de todo o exposto, os comparecentes ratifícanse no manifestado e, en proba de conformidade, asinan ante min, secretario/a, que dou fe, o presente documento en Teo a ... de ... do ...

Os interesados,

O/a secretario/a,

Teo, 31 de outubro de 2.003

O alcalde, Armando Blanco Martínez.